

Núm. entrada	Data
Familia socia	Pagado

ANPA A Barxa do colexio García Barbón
Rúa Serafín Avendaño, 21 36201 Vigo
anpa.garcia.barbon@gmail.com
www.anpagarciabarbon.org



EXCURSIÓN ÁS ILLAS CÍES

Estimadas familias:

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA) da escola organiza unha excursión ás Illas Cíes para celebrar o final do curso. Neste documento achegámosvos toda a información sobre a viaxe así como a folla de inscrición que precisaredes para anotarvos.

Esperámosvos!

Información

A excursión realizarase o domingo 16 de xuño.

A saída será do porto de Vigo ás 10:15 h e o regreso das Illas Cíes ás 19:15 h. Recordade que é preciso presentarse no peirao con 30 minutos de antelación tanto á ida como á volta para o embarque.

	FAMILIAS SOCIAS	FAMILIAS NON SOCIAS
PREZO (menores de 5 anos de balde)	6,50 €	10 €
PRAZO DE INSCRICIÓN	23, 24, 27 e 28 de maio	29 de maio (só no caso de quedar prazas)

A inscrición realizarase no local da ANPA nos prazos sinalados en horario de 9:00 a 9:30 h e de 13:30 a 19:00 h. A venda de billetes rematará ao final do prazo ou no momento no que se esgoten as prazas, que se asignarán por rigorosa orde de inscrición. As familias poderán adquirir tantos billetes como nenos/as estean escolarizados/as no centro máis outros dous billetes a maiores.

O prezo da actividade inclúe o billete de ida e volta (non a bebida nin a comida). O pago realizarase en efectivo no momento da inscrición. Pregámosvos que acheguedes o importe exacto.

Unha vez feita a inscrición, os billetes deberán recollerse no local da ANPA entre o 10 e o 14 de xuño en horario de 9:00 a 09:30 h e de 13:30 a 19:00 h. Recordade que é imprescindible presentalos o día da excursión para poder embarcar.

✂

Folla de inscrición

Núm. de entrada	Data	Importe	Data de nacemento	Nacionalidade
Nenos/as	1.			
	2.			
	3.			
	4.			
Persoas adultas	1.	DNI		
	2.	DNI		
Teléfono				

Vigo, de maio de 2019

Asdo.

CONFIDENCIALIDADE: o contido desta comunicación así como o de toda a documentación adxunta é confidencial e só se dirixe á persoa destinataria. No caso de que vostede non fose a persoa destinataria, solicitámoslle que o indique e non comunique os seus contidos a terceiras persoas e proceda á súa destrución. En cumprimento do Regulamento Xeral (UE) 2016/679 sobre Protección de Datos, informámolo/a de que os seus datos persoais están incluídos nas actividades de tratamento para as que ANPA "A BARXA" C.E.I.P. GARCÍA BARBÓN é responsable e están afeitos a xestionar correctamente a nosa relación comercial. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, eliminación, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, por escrito, acompañado dunha copia dun documento oficial que o identifique dirixido á rúa Serafín Avendaño, nº 20, 36201, Vigo, provincia de Pontevedra.